

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 06/07/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

CARLOS COIRA LOJO
SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 06/07/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 29 de xuño de 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/2413

Recibido o escrito do Centro Integrado de Formación Profesional de Fontecarmoa propoñendo a cesión ao Concello de Vilagarcía de Arousa dunha máquina de cine, rehabilitada polo centro, para a súa exposición nas dependencias municipais, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1 . Aprobar e aceptar a cesión gratuíta da máquina de cine ao Concello de Vilagarcía de Arousa.
2. Notificar o acordo ao CIFP Fontecarmoa e agradecer a doazón.

PRP2026/2414

Dáse conta de escrito enviado pola Valedora do Pobo, no que se indica que dende esa institución se iniciou expediente de queixa debido ao escrito de dona Paula Loureiro García relativo á falta de reparación ou substitución dun banco nunha parada de bus escolar en Vilar, Bamio, Concello de Vilagarcía de Arousa, tras acordar o arranxo na Xunta de Goberno Local de data 15 de setembro de 2025.

Como conclusión da correspondente investigación, con data do 19/05/2026 se formula ao concello de Vilagarcía de Arousa unha resolución nos seguintes termos:

"Que, co máximo respecto á Autonomía Municipal e ás capacidades organizativas do concello se execute, no menor prazo posible, a decisión adoptada en Xunta de Goberno Local do 15/09/2025 de arranxar o banco da marquesiña de autobuses sita no número 37 da rúa Vilar.

Unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 32.2 da Lei do Valedor do Pobo ("estes funcionarios e autoridades deberán responder sempre por escrito e no prazo dun mes") sen recibir a súa resposta, requirimos a contestación urxente á resolución que, de ser negativa, debería motivarse adecuadamente.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e levarase a cabo de forma inmediata a reparación do banco da marquesiña.

Dar conta á Valedora do Pobo.

PRP2026/2361

Dáse conta do escrito presentado polo C.I.F.P. Fontecarmoa no que solicita autorización para

a celebración do VIII CAMPUS ENCESTARÍAS, en dúas quendas a primeira dende o día 29 de xuño ao 4 de xullo e a segunda quenda dende o 6 ao 11 de xullo do presente ano, nas seguintes instalacións deportivas, así como a cesión do material e servizos que a continuación se relacionan:

- 4 canastas de minibasket no CEIP a Lomba para o emprego entre as 09:00 e 19:00 horas.
- Disponibilidade do Pavillón Sara Gómez e o Pavillón Fontecarmoa Nº2 entre as 09:00 e as 13:00 horas e de 17 a 19:00 horas.
- 8 canastas nas dúas pistas de Fexdega, 2 canastas en cada liña lateral das pistas entre as 09:00 e as 13:00 horas e de 17:00 a 19:00 horas.
- Disponibilidade das canasatas do Parque A Xunqueira para poder disputar o Torneo de 3x3 os días 3 e 10 de xullo dende as 20:30 a 00:30 horas.

Viso o informe do Director Deportivo e a Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar ao C.I.F.P. Fontecarmoa, o uso das instalacións deportivas que a continuación se indican, así como a cesión do material e servizos detallados anteriormente.

INSTALACIÓNS	DÍAS	HORARIO
Pav. Sara Gómez		
Do C.D.M. Fontecarmoa	29/6 ao 11/7/2026	09:00-13:00 e de 17:00-19:00 horas
Pavillón Nº 2 do CDM Fontecarmoa	29/6 ao 11/7/2026	09:00-13:00 e de 17:00-19:00 horas
Pavillón Fexdega 3 pistas	29/06/2026	09:00-13:00 e de 17:00-19:00 horas
	30/06/2026	09:00-13:00 e de 17:00-19:00 horas
	04/07/2026	09:00-13:00 e de 17:00-19:00 horas
	11/07/2026	09:00-13:00 e de 17:00-19:00 horas
Só horario de tarde	01/07 ao 03/07	17:00 a 19:00 horas
	06/07 ao 10/07	17:00 a 19:00 horas
Pista Nº1 e Nº2 de Fexdega	1,2,3,6,7,8,9,10	
	de xullo	09:00 a 13:00 horas.

O uso das citadas instalacións poderá xerar a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 11,41 €/h., con cargo á partida 341-151/13001, por estar fóra da franxa horaria da devandita instalación deportiva.

No relativo a solicitude de uso do Pavillón do CEIP A Lomba, debe ser o centro quen solicite a Dirección do CEIP a autorización de uso das súas instalacións.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

PRP2026/2421

Dáse conta da proposta da Área de Comunicación Social para a adquisición dunha impresora/fotocopiadora para substituír á actual (konica-Minolta), a cal hai tempo comezou a precisar de reparacións cada vez máis frecuentes, a última calculada en 600 euros, que aconsellan o cambio/reposición da máquina. A nova non só será máis eficiente enerxéticamente e na produción de materiais gráficos, senón tamén máis económica porque se reducirá o custe por unidade con respecto ao canon actual.

Realizaríase unha transferencia de crédito entre partidas da propia Área de Comunicación, da 926-226099 ("Outros gastos diversos") á 926.6330 ("Reposición de maquinaria, instalacións e ferramenta")

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Sketch System SI - Digipress (B-15535271), para o subministro de unha impresora/fotocopiadora modelo Konica Minolta Bizhub 361i, por un importe total de 5.475,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 926-63300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2422

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o

gasto en publicidade no informativo principal "Hora 14 Arosa" en Radio Arosa-Cadena Ser, cunha cuña diaria de publicidade, durante o segundo semestre do ano 2026, do 1 de xullo ao 31 de decembro de 2026, por un importe total de 2.904,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22602, de conformidade co orzamento presentado por Grupo Radio Pontevedra, con CIF A36005346..

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2434

Tendo en conta que, o Concello con data 2 de marzo de 2026 presentou a solicitude de desistencia da autorización ante o Departamento de Patrimonio para as obras de rehabilitación do edificio principal e anexos en Avda. Doutor Tourón 03 - Casa Jaureguizar. (Expte. 1735/2021), que se atopan tramitando nese organismo dende o ano 2021.

A devandita solicitude de desistencia basease na Lei 5/2025, do 23 de decembro, na que se establece que, a competencia para autorizar as obras en bens catalogados será municipal nos casos nos que se trate de elementos con nivel de protección estrutural ou ambiental (segundo a súa denominación na ficha correspondente), así como nos seu contornos de protección e zonas de amortecemento.

A Consellería de Cultura, o día 12 de marzo de 2026, comunica que a denominada "Casa Jaureguizar" non conta cun nivel de protección estrutural ou ambiental, polo que calquera intervención no ben catalogado debe ser autorizada pola Consellería competente en materia de patrimonio cultural.

A comunicación citada de 12 de marzo de 2026, se contradí cun acordo de 28-11-2025 do Departamento Territorial de Patrimonio, no que se indica o seguinte:

....en función dos seus valores concretos, e nivel de protección asimilable (para a casa Jaureguizar) é, o de protección ambiental, sendo o nivel máis básico entre os tres niveis de protección existentes (integral, estrutural e ambiental)".

Visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal o día 2 de xullo de 2026, a Xunta de Goberno Local, acorda comunicar ao Departamento Territorial de Patrimonio de Pontevedra, o seguinte:

As modificacións introducidas na Lei de Patrimonio teñen por obxecto mellorar a xestión, axilizar os trámites e reforzar a implicación dos concellos na protección do patrimonio cultural. Con tal motivo suprímese a necesidade de solicitar autorización previa da Consellería de Cultura nas intervencións que se realicen en bens catalogados con protección estrutural e ambiental.

En consecuencia aos efectos de establecer unha correlación entre niveis de protección definidos na Lei 5/2025, do 23 de decembro, en relación co patrimonio cultural de Galicia e os graos de protección relacionados no Catálogo de Edificios e Elementos a Conservar que forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilagarcía, dedúcese o seguinte:

O grao de Protección Integral do PXOM debe equipararse co seu homónimo nivel de Protección Integral da Lei de Patrimonio.

O grao Protección Estrutural debe equipararse co seu homónimo nivel Protección Estrutural da Lei de Patrimonio.

Os graos de protección Elemental, Tipolóxica, Ambiental e protección implicada do PXOM deben asimilarse ao nivel de Protección Ambiental da Lei de Patrimonio.

Os elementos con Protección Implicada do PXOM (Casa Jaureguizar) deberán considerarse como incluídos no nivel de Protección ambiental da Lei de Patrimonio, respectando en todo caso as notacións particulares que se insiran nas correspondentes fichas de catalogación.

Achégase a seguir un cadro resumo coas equivalencias que se establecen nese informe técnico e a administración competente en cadan seus casos.

CADRO DE EQUIVALENCIAS ENTRE CATÁLOGO MUNICIPAL DO PXOM E LEI DE PATRIMONIO

ADMINISTRACIÓN COMPETENTE	NIVEL DE PROTECCIÓN CONSONTE A LEI	GRAO DE PROTECCIÓN PXOM
CONSELLERÍA DE CULTURA	PROTECCIÓN INTEGRAL	INTEGRAL
CONCELLO	PROTECCIÓN ESTRUCTURAL	ESTRUTURAL
	PROTECCIÓN AMBIENTAL	ELEMENTAL
		TIPOLÓXICA
		AMBIENTAL

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda reiterar a solicitude de desistencia da autorización do Departamento Territorial de Patrimonio para as obras de rehabilitación da Casa Jaureguizar e se remita o expediente, coa finalidade de que sexan autorizadas as obras de rehabilitación polo Concello, ao ter un nivel de protección a Casa Jaureguizar consonte á Lei de Patrimonio, de "protección ambiental", o que se corresponde co grao de protección no PXOM de protección implicada.

De ser denegada esta segunda petición de desistencia, o Concello adoptará as medidas que legalmente procedan, por considerar que o Departamento Territorial de Patrimonio denega as peticións municipais de desistencia citadas pese a estar legalmente motivadas.

Así mesmo o Departamento Territorial de Patrimonio debería comunicar ao Concello se a asimilación que realiza entre o PXOM e a Lei de Patrimonio, con arreglo aso graos de protección, é a correcta, ou debe formularse de maneira diferente, coa finalidade de contar cun criterio claro de interpretación.

PRP2026/2466

Dáse conta do escrito presentado pola Federación Galega de Baloncesto, solicitando autorización de uso do Parque do Cavadelo os días 11 e 12 de xullo de 2026 para o desenvolvemento do 3x3 NA RÚA. O horario sería, o día 11, para o montaxe, a partir das 06:00 horas, o desmontaxe sería o día 12, unha vez finalizado o evento.

Viso o informe do Director Deportivo e a Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso da pista de baloncesto do parque do Cavadelo para a celebración do citado evento os días 11 e 12 de xullo de 2026, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Na memoria da actividade que acompaña a solicitude, veñen unha serie de necesidades lóxicas e recursos humanos, que non solicitan nada, polo que enténdense que son cuestións asumidas pola propia organización
- A Federación Galega de Baloncesto indica que instalarán unhas bancadas, polo que deberán presentar a certificación de solidez e seguridade da mesmas, tal como establece a lexislación a través do DECRETO 226/2022, de 22 de decembro, por el que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas
- A actividade deberá contar co seguro de accidentes para tódolos participantes así como o seguro de responsabilidade civil como indica a Lei 3/2012 do deporte de Galicia.
- No desenvolvemento dos citados eventos, deben acatar o que establece o Regulamento de Rexime Interno da Fundación de Deportes en canto a publicidade do Concello e da Fundación nas instalacións deportivas municipais.
- Deberán tomar tódalas medidas preventivas con fin de dar cumprimento as normativas de aplicación vixentes en materia de seguridade e protección das persoas que asistan a dito evento, sendo estas medidas as seguintes:

- As portas de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade.
- Non se permitirá a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencia existentes.
- Non se permite o uso de elementos inflamables, explosivos ou similares no interior da instalación.

PRP2026/2463

Dáse conta da proposta da Concelleira de Benestar Social, Igualdade, Policía Local, Seguridade e Promoción Económica para a adxudicación do contrato menor denominado "Sistema de detección y gestion de emergencias, localización y coordinación en caso de situaciones críticas". Actualmente a Policía Local dispón dun sistema de comunicacións baseado en tecnoloxía GSM/#4G mediante equipos que utilizan redes públicas de telefonía móbil para o seu funcionamento. O sistema actual vén presentando graves e continuadas deficiencias operativas que afectan directamente á capacidade de resposta policial e, en consecuencia, á seguridade pública do municipio, producíndose de forma reiterada incidencias que provocan en numerosas

ocasións a imposibilidade de manter comunicacións permanentes entre a Central e as patrullas. Á vista do exposto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa SRTEL CORUÑA S.L. (CIF: BI 5940562), para o subministro e instalación do sistema denominado "SISTEMA DE DETECCION E GESTION DE EMERXENCIAS, LOCALIZACION E COORDINACION EN CASO DE SITUACIÓNS CRITICAS", por un importe 15.730,00 € (IVE engadido) e con cargo á aplicación orzamentaria 132.62300 — Proxecto de Gasto: 2020 2 PREST1, consistente en:

- Software de xestión de eventos e seguimento por dispositivo o grupo. Rutas xerais ou individualizadas, xeozonas de risco ou exclusión, xeozonas limitadas preconfiguradas ou de alarma, xeocercas con aviso á central.
- Configuración e programación do software.
- Dispositivo Workstation pro pc.
- Configuración propietario/servidor.
- Conexión punto a punto para enlace de dúas ubicacións Monte Xiabre con Edificio da Policía Local ou outras dispoñibles con garantía suficiente de conectividade.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2464

Dáse conta da proposta da Concelleira de Benestar Social, Igualdade, Policía Local, Seguridade e Promoción Económica para a adxudicación do contrato menor de suministro denominado "Renovación de sistema de comunicaciones (emisoras) Policía Local"

Actualmente a Policía Local dispón dun sistema de comunicacións baseado en tecnoloxía GSM/#4G mediante equipos que utilizan redes públicas de telefonía móbil para o seu funcionamento. O sistema actual vén presentando graves e continuadas deficiencias operativas que afectan directamente á capacidade de resposta policial e, en consecuencia, á seguridade pública do municipio, producíndose de forma reiterada incidencias que provocan en numerosas ocasións a imposibilidade de manter comunicacións permanentes entre a Central e as patrullas

Á vista do exposto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa GALICOM COMUNICACIONES S.L. (CIF: B15978356) para o subministro e instalación do sistema de radiocomunicacións dixitais para o Policía Local por importe de 18.143,95 € (IVE engadido) e con cargo á aplicación orzamentaria 132.62300 — Proxecto de Gasto: 2020 2 PREST1, consistente en:

- Repetidor montado en rack con instalación de baterías de respaldo para o caso de corte de subministro eléctrico, regleta de enchufes, duplinox axustado ás frecuencias de traballo.
- Antena de base de VHF, soporte, cabelado (30 metros), conectores e material de agarre.
- 12 Equipos portátiles PH660 VHF 136-174 MHz, POT 5w, con pantalla e medio teclado.
- 5 Equipos móbiles VHF DM660.
- Proxecto de solicitude de frecuencias de traballo e telecomunicacións.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2026/2390

Vista a proposta dos Servizos Sociais para a adhesión á "Estrategia de promoción de la salud y prevención en el SNS- dentro de la red de ciudades saludables"

Dada a necesidade de informar e orientar na selección das distintas liñas de financiación da convocatoria.; Cumprimentar a documentación establecida na convocatoria, memoria do plan de actuación, cronograma e orzamento atendendo aos intereses e programas municipais así como tamén aos criterios de puntuación indicados nas bases. Coñecer os obxectivos e intervencións

contempladas na Estratexia. Deseñar e coordinar co concello as actuacións previstas. Executar as actuacións establecidas no plan de actuación

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de asedramento actuacións adhesión " Estratexia promoción saúde e prevención no sistema nacional de saúde-RECS", á empresa ATELIER SOCIAL, SL (CIF: B32437360), por importe de 2.964,50 € (IVE engadido), con cargo á partida 231.22799

EMPREGO

PRP2026/2338

Visto o informe do servizo de Promoción Económica relativo á xustificación parcial presentada pola entidade Zona Aberta e solicitude da transferencia da segunda cota da aportación municipal dentro da iniciativa BONOS SON DA CASA 2026,

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a xustificación parcial presentada por parte da Asociación de Comerciantes "Zona Aberta", considerando acreditada a transferencia da cantidade de 11.250 € correspondente á primeira cota abonada polo Concello o 10 de xuño de 2026 aos establecementos comerciais que constan no estrato bancario aportado.
- O recoñecemento da obriga e aboamento a favor da Entidade Colaboradora Zona Aberta da cantidade de 7.500 €, equivalente ao 40 % do total da aportación municipal, en cumprimento dos termos do convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 4311-470.

PRP2026/2357

Dase conta do escrito presentado pola empresa INFORMACION DIRECTA SL, NIF B36397578, renunciando á axuda recibida dentro do programa de axudas á contratación por conta allea do Concello de Vilagarcía- 2025.

A empresa beneficiaria presentou o 10 de xuño de 2026, instancia xenérica, indicando o seguinte: "El Expte PRP2025/3581 resolvió la concesión de 2 ayudas a la contratación y obligaba al mantenimiento del empleo durante 2 años. Comunicamos por el presente que Sabela Mosteiro Otero - 35486000J ha sido despedida por lo que no hemos cumplido este requisito. Es por ello que hemos procedido a la devolución de la ayuda. Adjuntamos justificante de transferencia"

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da renuncia formulada e da aportación da documentación acreditativa do reintegro da axuda percibida, sen prexuízo de dar traslado aos departamentos de intervención e tesourería municipais, aos efectos de facer os axustes contables que proceda e/ou a liquidación de intereses que corresponda, de ser o caso.

PRP2026/2396

En data 21 de abril de 2026 achegouse á Deputación Provincial certificado de inicio da contratación de 33 traballadores/as no marco do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2026 (Liña 3), para o pagamento do anticipo de conformidade coa base cuadraxésimo oitava do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026 (Liña 3).

Dase conta á Xunta de Goberno Local da Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra na que propón:

"PRIMEIRO.- PRESTAR APROBACIÓN á documentación acreditativa achegada polo Concello de Vilagarcía de Arousa, CIF.: P3606000B, relativa á formalización e ó inicio da actividade (1ª remesa), dun total de 33 traballadores/as (12 peóns axudantes albaneis, 1 peón fontaneiro/a, 6 peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, 2 peóns instaladores/as electricistas, 4 peóns forestais, 4 peóns traballadores/as de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos, 1 peón condutor/a operador/a de retroexcavadora, 2 axudantes mantedores/as de instalacións deportivas e 1 peón laceiro/a a xornada completa durante 8 meses), que se relacionan nesta remesa no marco do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2026 (Liña 3).

SEGUNDO.- RECOÑECER A OBRIGA E ORDEAR O PAGAMENTO, en concepto de aboo do anticipo (1ª remesa de contratacións) polo inicio da actividade dun total de 33 traballadores/as a

xornada completa durante 8 meses, a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un importe de douscentos trinta e cinco mil cento sesenta e un euro con corenta e dous céntimos (235.161,42 €) contra á aplicación 2026/942.9425.462.03 do orzamento provincial. Este importe correspóndese co 80% da subvención que se calcula para cada traballador en función da súa xornada e da duración do seu contrato en base á comunicación do propio concello sobre o número de contratacións formalizadas iniciadas no primeiro mes de contrato.” A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2439

Dase conta da Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z).

Esta orde ten por obxecto o financiamento de accións de fomento do emprego en colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, para a contratación durante 9 meses de persoas mozas, inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral (códigos de procedemento TR350E e TR349Z).

Esta convocatoria ten por finalidade mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas mozas que non estudan nin traballan, inscritas como beneficiarias no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, mediante a prestación de servizos que lles posibiliten ás persoas participantes a realización dun traballo efectivo que lles procure unha práctica profesional necesaria para a súa integración sustentable no mercado de traballo.

Para os efectos desta orde, considérase como persoa desempregada aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, e como beneficiaria no Sistema Nacional de Garantía Nuvenil, maior de 18 anos, e que, así mesmo, careza de ocupación no día inmediatamente anterior ao da data de inicio do contrato, segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, no seu defecto, certificado da mutualidade do colexio profesional, no momento da selección e da contratación. As persoas mozas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser, en todo caso, maiores de dezoito anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. Para o pagamento destas axudas, a comprobación da inscrición no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil realizara directamente o órgano xestor das axudas.

Para a determinación da contía das subvencións e a súa xustificación, empregárase un método de custos simplificados consonte o disposto nos artigos 53.1.b) e 53.3.a) e i) do Regulamento (UE) 2021/1060, conforme o cal se establece un custo unitario por cada persoa moza contratada a tempo completo durante o período mínimo de 9 meses establecido no art. 6.c). En particular, para o cálculo do custo unitario, tomáronse como referencia as bases mínimas de cotización vixentes, segundo o grupo de cotización en que se atopen as persoas mozas traballadoras en cuestión, máis a cotización empresarial á Seguridade Social para os contratos de duración determinada, resultando as seguintes contías:

Grupo de cotización	Custo unitario (9 meses)
1. Enxeñeiros/as e licenciados/as	23.606,03 €
2. Enxeñeiros/as técnicos/as, peritos e axudantes titulados/as	19.576,17 €
3. Xefes/as administrativos/as e de taller	17.030,80 €
4 a 10. Axudantes non titulados/as, oficiais administrativos/as, subalternos/as, auxiliares administrativos/as, oficiais e peóns/peoas	16.902,64 €

A contía da subvención concedida aboaráselles ás entidades beneficiarias nun único pagamento, logo de presentada a documentación xustificativa establecida nos artigos 33 ou 45 desta orde, respectivamente, por cada persoa moza contratada polo menos por un período de 9 meses e

cunha xornada a tempo completo.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para a contratación de 2 técnicos superiores (C1-grupo 3-xefes aditivos de taller) por 9 meses e o compromiso a dispor de asignación orzamentaria suficiente para facerse cargo dos gastos non subvencionables ao amparo da citada orde, de ser o caso.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/2384

Dáse conta do informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música en relación á liquidación pola venda de entradas da IX edición do Festival CLASCLAS 2026.

Logo de celebrada a IX edición do Festival Internacional de Música clasclás 2026, que tivo lugar entre o 20 e 27 de xuño de 2026, compre proceder a dar conta a XGL da proposta de liquidación que ten remitido Ataquilla pola venda de entradas dos diferentes eventos do festival. O importe previsto ingresar por prezos públicos foi aprobado na sesión da XGL de 16/03/2026 e ascendendo a 24.478,00 €, sendo o importe exacto que ten recadado Ataquilla pola venda de entradas da IX edición do Festival Internacional de Música clasclás 2026.

Por elo, Ataquilla ingresará o importe correspondente á liquidación de 24.478,00 € na conta bancaria que o Concello de Vilagarcía de Arousa ten na entidade ABANCA co seguinte IBAN ES59 2080 3122 1031 10000076.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2389

Dáse conta do informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música en relación á sinatura dos contratos artísticos da IX edición do Festival Clasclas 2026.

Dáse conta da sinatura por ambas dúas partes dos contratos artísticos correspondentes á IX edición do Festival Internacional de Música clasclas2026:

- Consorcio para la promoción de la música – Orquesta Sinfónica de Galicia, días 20 e 27 de xuño de 2026
- Asociación Bambú ensemble, día 21 de xuño de 2026
- Mendialdúa Music SL, día 22 de xuño de 2026
- Oskar Espina Ruíz, día 24 de xuño de 2026
- D&M García Producciones SL, día 25 de xuño de 2026
- Bella Vitarigova Adamova & Michael Gees, día 26 de xuño de 2026
- Asociación Instituto de ventos, día 27 de xuño de 2026

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2026/2346

Dáse conta de resolución do Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra pola que se aproba a relación de concellos beneficiarios da actividade de contacontos ilustrados e musicados "As Letras de Begoña Caamaño 2026" e a lista de reserva.

Entre os Concellos beneficiarios figura o Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Concellería de Cultura, a través do Servizo de Normalización Lingüística, dá conta á Xunta de Goberno Local da participación na actividade de dinamización pertencente ao programa de contacontos do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos da Deputación de Pontevedra «As Letras de Begoña Caamaño 2026».

A actividade, de balde para o Concello, terá lugar o mércores 22 de xullo, ás 12.00 horas, no CEIP A Lomba, no marco do Campamento de Verán 2026.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2026/2437

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, en relación á solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade para o programa de apoio aos centro de información ás mulleres - CIM, ao abeiro da resolución de data 3 xuño de 2026 (DOG 12 de xuño), a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Solicitar subvención para o Programa de apoio ao CIM, coa seguinte desagregación:

- Programa de apoio aos posto de dirección, apoio psicológico e asesoramento xurídico por importe total de 143.448,8€ para o período 01/04/2026-31/03/2027.
- Programa de apoio ao posto de axente de Igualdade por importe total de 58.765,86€ para o período 01/04/2026-31/03/2027.

2.- A designación de Dona Julia Barbosa Sánchez que ocupa o posto de Directora do CIM para as tarefas de coordinación e comunicación coa Consellería de Política social e Igualdade

3.- Financiamento con cargo aos orzamentos desta entidade do custo das accións obxecto da axuda que non resulte financiado pola SXI.

4.- Acreditar que a entidade posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

5.- Que se aceptan expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

Asemade infórmase que:

- Para poder ser beneficiario desta axuda deberase ter cumprido o requisito de ter remitidas as contas do exercicio orzamentario 2024 ao Consello de Contas de Galicia.
- Os gastos do Programa Mantemento do CIM deberán estar pagados todos, con data 31 de marzo de 2027.

CULTURA

PRP2026/2407

REVENIDAS S.C. é unha entidade que comezou a súa andaina no ano 2013, sendo a súa actividade Servizos de Diversión e Recreativos S.C.

Dende este ano encargase da organización e realización do Festival Revenidas (que ata esa data estaban celebrando a Asociación Cultural Repichoca), dado que ao longo da súa traxectoria consolidouse como unha das citas musicais máis importante do verán galego.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o texto do convenio regulador para a concesión directa de subvención cultural para o ano 2026, entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e Revenidas SC e a súa posterior sinatura para a concesión dunha subvención, por importe total de 55.000,00 € con cargo á partida 334.479, destinada a sufragar os gastos derivados das distintas actividades que se levarán a cabo con motivo do FESTIVAL REVENIDAS 2026, que se celebrará do 10 ao 13 de setembro en Vilaxoán, establecendo o período de gasto elixible dende o 1 de novembro de 2025 ao 31 de outubro de 2026.

PRP2026/2409

No mes de setembro de 2025 asinou se entre o concello de Vilagarcía de Arousa e a asociación de veciños do Piñeiro e Santa Mariña San Martín de Sobrán, o convenio renovado para o uso do Centro Sociocultural da entidade por parte da veciñanza da zona, integrándoo na Rede de Centros Socioculturais.

A documentación xustificativa presentouse o 27 de novembro de 2025 por rexistro (WEB202 5010 469).

O Convenio para 2025 cumpre co previsto na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na que se regula o réxime xurídico dos convenios administrativos.

